



RESOLUCIÓN da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se convoca un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia en diversas especialidades do corpo de profesores de ensino secundario (590) (código de procedemento ED003A).

A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro establece, nos seus artigos do 92 ao 99, as condicións de titulación e formación pedagóxica e didáctica necesaria para impartir as distintas ensinanzas reguladas nesta Lei. Concretamente, nos artigos 94 e 95 regula os requisitos necesarios para impartir as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional.

Para impartir as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato é necesario estar en posesión do título de Grao universitario ou titulación equivalente, ademais da formación pedagóxica e didáctica de nivel de Posgrao, de acordo con o disposto no artigo 100 da presente Lei. No caso do profesorado de Formación Profesional, son necesarios os mesmos requisitos de titulación e formación establecidos para a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato, sen prexuízo da equivalencia doutras titulacións de técnico superior de formación profesional que, a efectos de docencia, están establecidas polo Goberno para determinadas especialidades.

O artigo 100, relativo á formación inicial, dispón que:

- 1. A formación inicial do profesorado axustarase ás necesidades de titulación e de cualificación requiridas pola ordenación xeral do sistema educativo. O seu contido garantirá a capacitación adecuada para afrontar os retos do sistema educativo e adaptar os ensinamentos ás novas necesidades formativas.*
- 2. Para exercer a docencia nas diferentes ensinanzas reguladas na presente Lei, será necesario estar en posesión das titulacións académicas correspondentes e ter a formación pedagóxica e didáctica que o Goberno estableza para cada ensinanza.*
- 3. Corresponde ás Administracións educativas establecer os convenios oportunos coas universidades para a organización da formación pedagóxica e didáctica á que se refire o apartado anterior.*
- 4. A formación inicial do profesorado das diferentes ensinanzas reguladas na presente Lei adaptarse ao sistema de graos e posgraos do espazo europeo de educación superior segundo o que estableza a correspondente normativa básica.*
- 5. O Ministerio competente en ensino universitario xunto ás Administracións educativas garantirán, a través dos órganos de coordinación universitaria, a oferta de formación pedagóxica e didáctica á que se refire o apartado 2, de modo que quede asegurado que o sistema educativo dispón de suficientes profesionais en todos os ensinamentos e especialidades, así como o dereito de toda a cidadanía ao acceso ao emprego público de acordo con os principios constitucionais de mérito e capacidade.*





Por outro lado, o Real Decreto 1834/2008, do 8 de novembro, no seu artigo 9, regula a formación pedagóxica e didáctica, como segue: *Para exercer a docencia na educación secundaria obrigatoria, o bacharelato, a formación profesional e o ensinanzas de idiomas, será necesario estar en posesión dun título oficial de máster que acredite a formación pedagóxica e didáctica de acordo con o esixido polos artigos 94, 95 e 97 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación. Para iso, será necesario que o correspondente título de máster cumpra as condicións establecidas no Acordo de Consello de Ministros do 14 de decembro de 2007, polo que se establecen as condicións ás que deberán adecuarse os plans de estudos conducentes á obtención de títulos que habiliten para o exercicio das profesións reguladas de Profesor de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas e fose verificado de acordo con o disposto na Orde ECI/3858/2007, do 27 de decembro, pola que se establecen os requisitos de verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio das profesións de profesor de educación secundaria Obrigatoria e bacharelato, Formación profesional e Ensinanza de Idiomas.*

Durante o curso 2023-24 e no inicio do curso 2024-25, debido á falta de profesorado nalgunhas especialidades, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos ditou distintas resolucións polas que se convocaron procedementos para a elaboración de listas de interinidades e substitucións para impartir docencia en diferentes corpos e especialidades. Por Orde do 31 de xaneiro de 2024, convocáronse procedementos selectivos de acceso a distintos corpos docentes e especialidades. Logo de rematadas as fases de oposición e de concurso destes procedementos selectivos, procedeuse a actualizar as listas de interinidades e substitucións correspondentes ás especialidades convocadas, nos termos que establece a base vixésimo quinta da citada convocatoria. É dicir, incorporáronse ás listas todas as persoas que superaron a primeira proba ademais das que, sen superala, tiñan a formación adecuada en cada especialidade.

A pesar de todos estes esforzos, nalgunhas especialidades o persoal dispoñible é moi reducido, provocando que, moitas veces, se acumulen vacantes docentes sen cubrir dando lugar a que haxa alumnado que ve interrompido o seu proceso formativo.

O artigo 27 da Constitución Española recoñece o Dereito á Educación e encárgalle aos poderes públicos o deber de garantilo. Se ben é certo que a Administración educativa ten que cumprir as previsións legais, tamén é indubidable que a situación actual de falta de docentes require que se busquen fórmulas para garantir este dereito fundamental á educación.

Estamos, por tanto, ante a imposibilidade de conformar unha bolsa, suficientemente ampla, de persoal docente temporal para cubrir as substitucións que se están a producir en determinadas especialidades docentes. Atopámonos ante unhas circunstancias excepcionais e a Administración, no marco das súas competencias, debe buscar fórmulas para garantir a prestación dun servizo tan esencial como é o da educación.





Unha destas fórmulas pasa por permitir, de xeito moi excepcional, que o profesorado que non posúa o máster que acredite a formación pedagóxica e didáctica correspondente poida impartir docencia nas especialidades nas que hai un gran déficit de profesorado. O alumnado ten dereito a educación, e resulta evidente que recibir clase, de forma temporal, por parte de profesorado sen o máster é unha medida moito menos gravosa para o alumnado afectado que quedar sen poder recibir docencia.

Na nosa comunidade autónoma, as titulacións que permiten a incorporación ás listas de interinidades e substitucións están establecidas na *Orde do 20 de novembro de 2019 pola que se dá publicidade ás titulacións que permiten a incorporación ás listas de aspirantes a desempeñar postos docentes en réxime de interinidades e substitucións dos corpos de mestres, de profesores de ensino secundario, de profesores técnicos de formación profesional e de profesores de escolas oficiais de idiomas que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en centros docentes desta consellería*, modificada pola *Orde de 2 de outubro de 2023*.

As condicións de acceso ás listas de persoal docente interino e substituto veñen recollidas na Resolución do 2 de maio de 2023, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se dá publicidade ao texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995 polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias.

O punto décimo primeiro do texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias, publicado no Diario Oficial de Galicia do 10 de maio de 2023 por unha Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos do 2 de maio de 2023, establece a posibilidade de que esta Consellería convoque procedementos para a elaboración das listas de interinidades e substitucións no caso de que, unha vez realizado chamamento a todas as persoas que constan nas relacións mencionadas no punto cuarto do mesmo texto refundido, continuase resultando necesario cubrir necesidades de profesorado.

En consideración a todo o anterior, procede realizar a presente convocatoria para establecer o procedemento para a incorporación de novas persoas candidatas para cubrir interinidades e substitucións de acordo coas seguintes bases:





Primeira. Obxecto

Convocar un procedemento para a elaboración de listas para cubrir interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de ensino secundario (590), nas seguintes especialidades:

CÓDIGO ESPECIALIDADE	DENOMINACIÓN DA ESPECIALIDADE
590107	Informática
590124	Sistemas electrónicos
590125	Sistemas electrotécnicos e automáticos
590206	Instalacións electrotécnicas
590227	Sistemas e aplicacións informáticas
590231	Equipos electrónicos

Segunda. Requisitos

Para seren admitidas nas listas, as persoas aspirantes deberán posuír ou estar en condición de obter (xustificado coa certificación vixente do aboamento dos dereitos de expedición do título oficial correspondente), na data de finalización do prazo de presentación da/s solicitude/s indicado na base terceira, os seguintes requisitos:

1. Titulación oficial:

a) Posuír algunha das seguintes titulacións oficiais, requiridas para cada especialidade segundo o Anexo II e anexo III (relativo ás actuais especialidades integradas no corpo 590, Instalacións electrotécnicas - anteriormente código 591206-, Sistemas e aplicacións informáticas - anteriormente código 591227- e Equipos electrónicos -anteriormente código 591202-) da Orde do 20 de novembro de 2019 pola que se dá publicidade ás titulacións que permiten a incorporación ás listas de aspirantes a desempeñar postos docentes en réxime de interinidades e substitucións dos corpos de mestres, de profesores de ensino secundario, de profesores técnicos de formación profesional e de profesores de escolas oficiais de idiomas que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en centros docentes desta consellería (Diario Oficial de Galicia núm.235 do 11 de decembro) modificada pola Orde de 2 de outubro de 2023 (DOG nº195, do 13 de outubro).

2. Posuír a formación pedagóxica e didáctica á que se refire o artigo 100.2º da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Con carácter xeral, reunirán este quen estea en posesión do título oficial de mestrado universitario que habilite para o exercicio das profesións de profesor de enseñanza secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional ou escolas oficiais de idiomas. A especialidade que conste no citado título facultará para a presentación do persoal





aspirante en calquera especialidade. Estará dispensado da posesión do citado título o persoal aspirante que acredite ter, con anterioridade ao 1 de outubro de 2009, algún dos seguintes requisitos:

–Estar en posesión do título profesional de especialización didáctica do certificado de aptitude pedagóxica ou do certificado de cualificación pedagóxica.

– Estar en posesión do título de mestre, diplomado en profesorado de educación xeral básica, mestre de ensino primario, licenciado en Pedagogía ou en Psicopedagogía. Así mesmo, tamén estarán exentos os que estivesen cursando algunha das tres anteriores titulacións e tivesen cursado 180 créditos destas na citada data do 1 de outubro de 2009.

– Ter impartido docencia durante dous cursos académicos completos ou, na súa falta, durante 12 meses exercidos en períodos continuos ou discontinuos, en centros públicos ou privados debidamente autorizados, nas ensinanzas de educación secundaria obrigatoria, ou de bacharelato, ou de formación profesional, conforme o previsto na disposición transitoria cuarta do Real decreto 1834/2008, do 8 de novembro.

Así mesmo, reunirán o requisito de titulación (esixido no punto 1) e de formación pedagóxica e didáctica (esixido no punto 2) para o acceso ás listas de persoas aspirantes a desenvolver postos docentes en réxime de interinidades e/ou substitucións:

a) as persoas que posúan unha das titulacións declaradas equivalentes, para os efectos de docencia, ás publicadas no Real decreto 1954/1994, do 30 de setembro (BOE do 17 de novembro), sobre homologación de títulos aos do Catálogo de títulos universitarios oficiais, ou a calquera outra disposición que sexa de aplicación.

b) No caso de que as ditas titulacións se obtivesen no estranxeiro, deberá terse concedida a correspondente credencial de homologación ou equivalencia, segundo o Real Decreto 889/2022, de 18 de outubro (BOE do 19 de outubro), Real decreto 285/2004, do 20 de febreiro (Boletín Oficial del Estado do 4 de marzo), e o Real decreto 1837/2008, do 8 de novembro, polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español a Directiva 2005/36/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de setembro, e a Directiva 2006/100/CE do Consello, do 20 de novembro, relativas ao recoñecemento de cualificacións profesionais, así como a determinados aspectos da profesión de avogado (Boletín Oficial do Estado do 20 de novembro).

c) No caso de títulos e estudos estranxeiros de educación non universitaria deberá aterse ao Real Decreto 104/1988, de 29 de xaneiro, sobre homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros de educación non universitaria e demais normativa concordante e de desenvolvemento.

3. Ter a nacionalidade española ou a de calquera outro estado membro da Unión Europea, ou atoparse as persoas aspirantes incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de traballadores e traballadoras. Tamén poderán participar as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española





ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; e as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.

4. Ter feitos os dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

5. Acreditar o coñecemento da lingua galega. A acreditación do coñecemento da lingua galega realizarase coa presentación do certificado de coñecemento da lingua galega (Celga 4), ou da súa validación polo órgano competente; do curso de perfeccionamento en lingua galega ou a súa validación polo órgano competente; o título de licenciatura en filoloxía galego-portuguesa, o certificado do nivel avanzado da escola oficial de idiomas ou o certificado de ter superado o curso de especialización en lingua galega.

Terceira. Admisión condicionada con carácter excepcional para as persoas que non posúen o requisito de formación pedagóxica e didáctica

Excepcionalmente, poderanse admitir de forma condicionada, aquelas persoas que, reunindo os restantes requisitos establecidos na base anterior, non estean en posesión da formación pedagóxica e didáctica á que se refire o artigo 100.2º da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e declaren responsablemente o seu compromiso de adquirir a formación pedagóxica e didáctica necesaria no prazo de dous cursos académicos. As persoas que accedan con esta excepcionalidade estarán suxeitas ao establecido na base décima segunda.

Cuarta. Solicitudes e prazo

1. As persoas interesadas deberán formular unha solicitude, obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. (código de procedemento ED003A), e efectuar o aboamento de taxas segundo se establece na base sexta.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de xeito presencial, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda. Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede





electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

As titulacións esixidas como requisito específico para o acceso ás listas de cobertura de interinidades e substitucións así como as funcións que desenvolve este persoal, presupoñen que as persoas aspirantes posúen capacidade técnica suficiente para o acceso e dispoñibilidade dos medios electrónicos necesarios, no sentido do que establece o artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, como xustificación da obrigatoriedade de presentar as solicitudes exclusivamente por medios electrónicos.

2. O prazo para formular solicitudes será de cinco (5) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución de convocatoria no portal de Internet da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (<https://www.edu.xunta.gal/portal/>).

3. Documentación necesaria que se presenta electronicamente para a tramitación do procedemento.

As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo I) a seguinte documentación:

a) Documentación xustificativa dos requisitos mínimos previstos na base segunda. No tocante ao requisito de titulación alegada, deberá acompañarse da correspondente certificación académica onde conste, de ser o caso, a especialidade cursada pola persoa interesada esixida na base segunda para as especialidades convocadas no correspondente procedemento.

b) Documentación acreditativa do méritos que aleguen susceptibles de valoración de conformidade co previsto na base décimo primeira.

Para estes efectos, deben xuntar como documentación xustificativa a certificación académica persoal do título alegado esixido no punto 1 da base segunda, na que consten tanto as puntuacións obtidas en todas as disciplinas e cursos esixidos como a superación dos créditos necesarios para a obtención do dito título, coa especificación de que se pagaron os dereitos de expedición, cando menos no prazo de remate de finalización de solicitudes, para a expedición do título, e coa indicación expresa da especialidade deste.

b.1) No caso de titulacións universitarias, na dita certificación académica persoal deberá constar a nota media, e reflectirase expresamente que a mesma está calculada conforme ao Real decreto 1125/2003, do 5 de setembro (Boletín Oficial de Estado núm. 224, do 18 de setembro).

Para estes efectos deberá achegar a certificación académica persoal en que consten as puntuacións obtidas en todas as disciplinas e cursos esixidos para a obtención do título alegado, con indicación expresa da nota media e, no seu defecto, se presente copia do título ou da certificación do pagamento dos dereitos de expedición, conforme o Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto (Boletín Oficial do Estado núm. 190, do 6 de agosto).





Para os efectos de valoración do expediente académico do título alegado, o persoal aspirante que obteña o título no estranxeiro presentará certificación expedida pola Administración educativa do país en que obtivo o título que indique a nota media deducida das cualificacións obtidas en toda a carreira e exprese, ademais, a cualificación máxima e mínima que se poden obter, de acordo co sistema académico correspondente, para os efectos de determinar a súa equivalencia coas cualificacións españolas e ademais deberá achegar a correspondente Declaración de equivalencia da nota media de expedientes académicos universitarios realizados en centros estranxeiros, que poderá obterse de conformidade co disposto pola Resolución da Dirección Xeral de Política Universitaria do 21 de marzo de 2016 e a Resolución do 21 de xullo de 2016, de forma gratuíta na sede electrónica do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades mediante a seguinte ligazón:

<https://www.universidades.gob.es/equivalencia-de-notas-medias-de-estudios-universitarios-realizadosen-centros-extranjeros/>

b.2) No caso de que a titulación alegada corresponda a ensinanzas de formación profesional, na certificación académica persoal achegada deberá constar a nota media do expediente académico, e deberá estar calculada conforme ao disposto no Real Decreto 659/2023, de 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional e para os títulos da formación profesional de sistemas educativos anteriores a nota media do expediente calcularase de acordo coa Resolución de 4 de xuño de 2001 da Dirección General de Universidades e na Resolución de 7 de maio de 1996, para o caso de estudos estranxeiros validados polos de formación profesional ou nas normas que as substitúan.

Se no título ou na certificación académica non consta a nota media por tratarse dun título expedido ao abeiro da Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación e financiamento da reforma educativa, procederase do seguinte xeito:

A certificación expedida polo centro educativo deberá expresar a nota media aritmética das cualificacións numéricas expresada con dúas cifras decimais, que se arredondarán á alza (maior ou igual ao 0,5).

Se as cualificacións das materias veñen expresadas de forma cualitativa, a conversión para expedir a certificación da nota media numérica realizarase segundo a seguinte táboa de equivalencias:

Suficiente: 5,5.

Ben: 6,5.

Notable: 7,5.

Sobresaínte ou sobresaínte (matrícula de honra): 9.

No caso de que non se remita a certificación académica persoal con indicación expresa da nota media, calcularase a nota media numérica de conformidade coas equivalencias establecidas no parágrafo anterior, de ser o caso. En todo caso, se non se remita a certificación académica persoal ou non figure a nota media de acordo co establecido nesta base considerarase que a persoa aspirante obtivo a nota media de cinco (5,00) puntos.





c) As persoas aspirantes que teñan recoñecida unha discapacidade de, polo menos, o 33% na data da solicitude deberán achegar, só no caso de non estar recoñecida pola Comunidade Autónoma de Galicia, unha copia da documentación acreditativa do dito recoñecemento para os efectos da aplicación, de ser o caso, da garantía de chamamentos a persoas con discapacidade prevista no punto segundo do apartado cuarto do texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias, publicado no Diario Oficial de Galicia do 10 de maio de 2023 por unha Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos do 2 de maio de 2023.

d) Persoal aspirante que solicite exención ou bonificación das taxas:

- Xustificación de ser membro de familia numerosa de categoría xeral ou especial, só no caso de non estar recoñecida pola Comunidade Autónoma de Galicia.

- Xustificación de ter un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, só no caso de non estar recoñecida pola Comunidade Autónoma de Galicia.

-Xustificación de demandantes de emprego, achegando os dous documentos seguintes:

1º. Certificación expedida pola oficina de emprego en que conste que a persoa aspirante figura como demandante de emprego desde polo menos seis meses anteriores á data de publicación da resolución de convocatoria no portal de Internet da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (<https://www.edu.xunta.gal/portal/>).

2º. Certificación do Servizo Público de Emprego Estatal na que conste que na data de presentación da solicitude de participación nesta convocatoria non está a percibir a prestación ou o subsidio por desemprego.

-Xustificación de ter a condición de vítimas de terrorismo, entendendo por tales, para os efectos da bonificación da taxa as persoas que sufrisen danos físicos ou psíquicos como consecuencia da actividade terrorista e así o acrediten mediante sentenza xudicial firme ou en virtude de resolución administrativa pola que se recoñeza tal condición, o seu cónxuxe ou persoa que convivise con análoga relación de afectividade, o cónxuxe do falecido e os fillos dos feridos e falecidos.

e) Taxas administrativas devindicadas pola tramitación da solicitude (código 300301), de conformidade co disposto na base sexta.

4. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria de xeito presencial, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan





dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

Quinta. Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a) DNI/NIE da persoa solicitante ou representante.
- b) Títulos oficiais universitarios que dean acceso á función docente e que consten no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT) do Ministerio de Educación e Formación Profesional, agás os de mestre/a de ensino primario, diplomatura en profesorado de educación xeral básica, mestre/a ou grao de mestre/a en educación primaria e as titulacións de licenciatura ou enxeñería nos que se requira unha especialidade para formar parte das listas para cubrir interinidades ou substitucións.
- c) Consulta da inexistencia de antecedentes penais por delitos sexuais.

Consultaranse ademais os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente:

- a) Acreditación da condición de familia numerosa só no caso de estar recoñecida pola Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Acreditación da condición de discapacidade só no caso de estar recoñecida pola Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Estar inscrito/a como demandante de emprego desde, polo menos, seis meses antes da data de publicación da convocatoria na cal solicite a súa participación e non estea percibindo prestación ou subsidio por desemprego na data de presentación da solicitude de participación.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario e achegar os documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Sexta. Importe e pagamento das taxas administrativas

(Códigos: Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, código 07; Delegación de Servizos Centrais, código 13; Servizo de Secretaría, código 01; taxa denominación, solicitude de inscrición nas listas para a cobertura con carácter temporal de postos de traballo na administración da Comunidade Autónoma: código 300301).





Os dereitos de inscrición nas listas serán de 18,40 euros.

Consonte o artigo 23.5 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, logo de xustificación documental de conformidade coa base terceira: 1.-Estarán exentos do pagamento dos dereitos de inscrición nas listas:

- a) As persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 %.
- b) As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial.

2.-Aplicarase unha bonificación do 50 % á inscrición solicitada por:

- a) As persoas que sexan membros de familias numerosas de categoría xeral.
- b) As persoas que figuren como demandantes de emprego desde, polo menos, seis meses antes da data desta convocatoria e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego na data da presentación da solicitud normalizada.
- c) As vítimas de terrorismo. O pagamento da taxa poderá efectuarse por dous medios:

–A través do impreso de autoliquidación en calquera das entidades financeiras colaboradoras na recadación das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia.

–De forma telemática, no portal de Internet da Axencia Tributaria de Galicia (<https://ovt.atriga.gal>).

Se desexa tramitar a taxa por vía telemática, deberá introducir os datos da taxa e efectuar o pagamento desta. Para isto dispón das modalidades de pago telemático (cargo en conta ou tarxeta) e pago presencial (mediante un impreso para presentar na entidade bancaria). Unha vez realizado o ingreso obterá o xustificante correspondente.

Se desexa tramitar a taxa de xeito presencial poderá obter un modelo en branco para cubrir ou ben introducir os datos da taxa e a aplicación lle proporcionará o modelo xa cuberto. A non presentación dentro do prazo de presentación de solicitudes da xustificación do pagamento das taxas, no que figure, de ser o caso, o selo da entidade bancaria, determinará a exclusión da persoa aspirante. En ningún caso a presentación do xustificante suporá a substitución do trámite de presentación en tempo e forma da solicitud.

Sétima. Comisión de valoración

A asignación da puntuación que lles corresponde as persoas aspirantes será realizada por unha comisión constituída por persoal funcionario con destino na Consellería de Educación, Ciencia,





Universidades e Formación Profesional. Esta comisión estará cualificada na categoría primeira para os efectos do previsto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25), modificado polo Decreto 144/2008, de 26 de xuño (DOG do 18 de xullo) e polo Decreto 96/2011, do 5 de maio (DOG do 30 de maio, c. de erros do 1 de xuño). Poderá asistir ás reunións da comisión unha persoa representante de cada organización sindical con presenza na Mesa Sectorial Docente non universitaria, con voz e sen voto.

Oitava. Relación provisional de persoas admitidas e excluídas, baremo provisional e reclamacións

O Servizo de Profesorado de Educación Secundaria, de Formación Profesional e de Ensinanzas de Réxime Especial da Subdirección Xeral de Recursos Humanos realizará a comprobación dos requisitos.

A comisión prevista na base sétima realizará a valoración dos méritos no que atinxe á nota media alegada polas persoas aspirantes consonte á base décimo primeira. Logo de realizada a comprobación dos requisitos e a valoración dos méritos, a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos ditará unha resolución pola que se aprobará a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional, que se publicarán no portal de Internet da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional www.edu.xunta.gal.

As persoas interesadas poderán formular reclamacións contra a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional, mediante un escrito dirixido á persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que presentarán obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo normalizado do procedemento ED003A, opción "Alegacións", no prazo de tres (3) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no citado portal de Internet da consellería.

A estimación ou desestimación das ditas alegacións entenderanse implícitas nunha nova resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos que será publicada no citado portal, pola que se aprobarán as listaxes definitivas de persoas aspirantes admitidas e excluídas consonte co disposto na seguinte base.

Transcorrido este prazo sen que se emenden a causa de exclusión e/ou se achegue a documentación preceptiva, considerarase que a persoa interesada desiste da súa petición, nos termos e condicións establecidos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para o caso de que xurda a necesidade de cubrir interinidades ou substitucións con anterioridade á aprobación e publicación das listas definitivas, seguirase a orde de





chamamentos establecida na lista provisional, de conformidade co establecido no apartado décimo primeiro do texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995.

Novena. Relación definitiva de persoas admitidas e excluídas, baremo definitivo e recursos

Finalizado o prazo concedido para a emenda da solicitude e logo de revisadas as reclamacións contra a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos emitirá unha resolución pola que, por unha banda, se aprobará a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo e, por outra banda, se declarará por desistidos da súa/s solicitude/s a aquelas persoas que non a emendaran no prazo conferido para estes efectos de acordo coa base oitava. A dita resolución publicarase no portal de Internet da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional www.edu.xunta.gal.

O feito de figurar na relación de persoal admitido non prexulga que se lle recoñeza ao persoal interesado a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca mediante esta resolución. Cando, da documentación que debe presentarse no caso de ser nomeado, se desprenda que non posúe algún dos requisitos, o persoal interesado decaerá de todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación neste procedemento.

Contra a resolución pola que se aproba a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo, que lle pon fin a vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular obrigatoriamente por medios electrónicos un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no citado portal de Internet, ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou directamente un recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses a contar dende a mesma data, ante o xulgado do contencioso administrativo que sexa competente de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A Administración reintegrará o importe ingresado en concepto de taxas administrativas a aquelas persoas aspirantes excluídas de xeito definitivo, ou ben que non figuren en ningunha das listaxes definitivas, sempre que así o soliciten no prazo dun (1) mes a partir do día seguinte ao da publicación no portal de Internet desta consellería da resolución definitiva de persoas admitidas e excluídas. A presentación da dita solicitude de reintegro fóra do prazo establecido no parágrafo anterior suporá a perda do dereito á devolución do importe ingresado. Non procederá a devolución do importe aboado no suposto de renuncia das persoas aspirantes admitidas provisional ou definitivamente.

Décima. Orde de chamamentos





As persoas candidatas seleccionadas ocuparán na lista da correspondente especialidade un número de orde de chamamentos, conforme ao baremo aplicado nesta convocatoria de acordo coa seguinte base, posterior ao da última persoa que consta neste intre na devandita lista.

Décima primeira. Baremo

Os participantes serán ordenados, en primeiro lugar, por aqueles que acrediten estar en posesión da formación pedagóxica e didáctica á que se refire o artigo 100.2 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación e, dentro destes de acordo coa orde de prioridade establecida na base décima, segundo a maior puntuación obtida no baremo de méritos establecido nesta base. En aplicación do apartado décimo primeiro do texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias, o baremo aplicable para a presente convocatoria é a nota media do expediente académico da titulación alegada para a incorporación á lista da especialidade á que se opta, segundo o punto 1 da base segunda desta resolución.

A continuación, ordenarase ao resto de participantes sen formación pedagóxica por orde de nota media do expediente académico da titulación alegada para a incorporación á lista da especialidade á que se opta, segundo o punto 1 da base segunda desta resolución.

Para dirimir os posibles empates na aplicación do baremo daráselle prioridade a quen teña como letra inicial do primeiro apelido a letra que resulte do sorteo efectuado, no ano da convocatoria, pola Consellería de Facenda e Administración Pública para os procedementos selectivos. De resultar necesario aplicarase a mesma letra á inicial do segundo apelido.

Décimo segunda. Persoal que accede sen a formación pedagóxica e didáctica á que se refire o artigo 100.2º da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación

1. Soamente se poderá nomear, para cubrir postos de interinidades ou substitucións, a persoas que accederon sen o requisito da formación pedagóxica e didáctica á que se refire o artigo 100.2º da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación no caso de imposibilidade para facer nomeamentos con persoas que si accederon co requisito da formación pedagóxica.

2. O nomeamento efectuado mediante esta medida excepcional non habilitará para a consolidación nas listas de interinidades e substitucións, sen prexuízo de que a experiencia docente obtida poida ser valorada, despois de adquirir a formación pedagóxica e didáctica esixida con carácter xeral, para o acceso á función pública docente.

3. O persoal que acceda sen o requisito de formación pedagóxica e non o acredite no período establecido na base terceira, será excluído da lista para cubrir interinidades e substitucións.





4. O persoal que acceda sen o requisito de formación pedagóxica e o acredite no período establecido na base terceira, será incluído na lista para cubrir interinidades e substitucións da especialidade correspondente nun lugar posterior ao último dos que accederon co requisito da formación pedagóxica.

Décimo terceira. Recursos

Contra esta resolución, que lle pon fin a vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no portal de Internet desta consellería www.edu.xunta.gal, ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou directamente un recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses a contar dende a mesma data, ante o xulgado do contencioso administrativo que sexa competente de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

